

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 6**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de MAIO de 2020, ás NOVE HORAS, por vídeo conferencia e presencial no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

**1.- Actas anteriores:** (ordinaria de 29 de xaneiro 2020)

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### **ORZAMENTOS E FACENDA**

- 2.-** Dar conta da Memoria do Tribunal Económico-Administrativo do exercicio 2019. Expte. 5069/550 (2381/1101)
- 3.-** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, correspondente ao 1º trimestre do ano 2020 e período medio de pago dos 3 meses do ano 2020. Expte. 18/543 (Rexistro Pleno 2385/1101)
- 4.-** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2020, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 147/143 (2386/1101)
- 5.-** Dar conta do informe da Intervención do resumo dos resultados do control interno do exercicio 2019. Expte. 102768/140 (Rexistro Pleno 2408/1101)
- 6.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía de data de 11.03.20 polo que se aproba o perímetro de Consolidación e os marcos orzamentarios para o período 2021-2023. Expte. 143/143 (2382/1101)
- 7.-** Convalidación da modificación orzamentaria nº 26/2020 en cumprimento do previsto no art. 20.2 do RD-Lei 11/2020. Expte. 146/143 (Rexistro Pleno 2404/1101)

#### **URBANISMO**

- 8.-** Dar conta da contratación mediante trámite de emerxencia do subministro de equipos portátiles para teletraballo no organismo autónomo da Xerencia. Expte. 12431/407 (Rexistro Pleno 2398/1101).

**Mocións:**

- 9.-** Moción do concelleiro non adscrito instando á Xunta de Galicia a iniciar a elaboración dun Plan galego de reactivación económica e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2421/1101.
- 10.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á creación dun “fondo de acción local” destinado aos Concello e Deputacións por un total de 300 millóns a aprobar no prazo dun mes. Rexistro Pleno 2423/1101
- 11.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a abonar ao Concello 2,7 millóns de euros do fondo recibido do Goberno do Estado para cubrir as necesidades de gasto social que o Concello xa abonou e que se seguen a producir. Rexistro Pleno 2424/1101
- 12.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a non obstaculizar as obras pendentes na cidade de Vigo. Rexistro Pleno 2425/1101

**PARTE DE CONTROL**

- 13.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 789/1102 (Rexistro Pleno 2399/1101)
- 14.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 790/1102 (Rexistro Pleno 2400/1101)

**Mocións.**

- 15.-** Moción do grupo municipal Mixto instando a cumprir os compromisos de loita contra o cambio climático aprobados no Pleno e adaptar a cidade aos factores derivados da aparición da COVID-19 en termo de mobilidade e sustentabilidade. Rexistro Pleno 2420/1101.
- 16.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a establecer axudas concretas ás persoas autónomas e micropemes de Vigo e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2422/1101
- 17.- Formulación de rogos.**

## **18.- Formulación de preguntas.**

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA, por vídeo conferencia e presencial, estarán no salón de Plenos o Alcalde, os voceiros dos grupos municipais, membro non adscrito e os Tenentes de Alcalde, ás **NOVE HORAS** do día VINTE E SETE, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.